


■PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA MEDIANTE CONCESIÓN

PROCEDIMENTO ABERTO

ÍNDICE

1 ^a . OBXECTO DO SERVIZO	2
2 ^a . CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SERVIZO	3
3 ^a . OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	3
4 ^a . OBRIGAS DO CONCELLO DE VEDRA	6
5 ^a . MEDIOS PERSONAIS	6
6 ^a . MEDIOS MATERIAIS	8
7 ^a . DOCUMENTACIÓN	8
8 ^a . INFRACCIONES E SANCIÓN	8
ANEXO DE PERSONAL A SUBROGAR	10
ANEXO DE BENS, INSTALACIONES E UTENSILIOS	11



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

1ª. OBXECTO DO SERVIZO.

O obxecto deste prego é establecer as prescricións técnicas para a xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Vedra situada na parroquia de San Fins de Sales, lugar de Nande nº 65.

Redáctase o presente Prego de Prescricións Técnicas ao abeiro do disposto no *Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais preceptos de aplicación do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño do 1995*, co fin de describir os aspectos básicos do servizo público da Escola Infantil Municipal, determinando o alcance das prestacións a favor dos usuarios do mesmo, o ámbito de xestión, as garantías necesarias para o bo funcionamento do mesmo, e outros aspectos que serán comentados.

En todo aquilo non previsto neste documento administrativo, estarase ao que nos aspectos puramente técnicos determinen as distintas normas reguladoras da materia, en especial a *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación de centros, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*.

Aplicaranse preferentemente tanto o Regulamento de Funcionamento como a Ordenanza Fiscal ou documento que o substitúa relativos á Escola Infantil Municipal de Vedra, que estean en vigor cada curso.

A xestión desta escola comprende a atención aos nenos/as escolarizados nela, tanto nos aspectos educativos do primeiro ciclo de educación infantil como a súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario de funcionamento escolar, así como a xestión e administración do centro baixo a coordinación do/a concelleiro/a da área ou persoa na que delegue.

O concesionario prestará diariamente o servizo de comedor, do xeito que se regula no artigo 26.1 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

O concesionario cumplirá os acordos e convenios asinados polo Concello de Vedra nos aspectos que teñan que ver co modelo de escola infantil, sempre que non supoña un custo adicional para o adxudicatario.

Os cambios na normativa vixente serán de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria, áínda que supoñan un custo adicional, sempre e cando non alteren o equilibrio económico financeiro da concesión.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

2ª. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SERVIZO.

A educación infantil dirixida a nenos/as de idade comprendidas entre os 0 e 3 anos cumple respecto dos menores unha dobre función educativa e asistencial e un labor facilitador da conciliación persoal, laboral e familiar no que respecta ás familias. Os concellos teñen atribuídos nos artigos 25 da *Lei de Bases do Réxime Local* e no 80 da *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia* competencias en materia de servizos sociais, promoción e inserción social que a *Lei 13/2008 de Servizos Sociais* veu ratificar. As normas de réxime local outorgan igualmente nos artigos mencionados competencias para a execución de programas propios destinados á infancia e xuventude.

A Escola Infantil Municipal de Vedra, entre outras instalacións, está dotada de catro aulas:

- 1 unidade de 0-1 anos: 8 nenos/as.
- 1 unidade de 1-2 anos: 13 nenos/as.
- 1 unidade de 2-3 anos: 20 nenos/as.
- 1 unidade mixta 1-3 anos: 15 nenos/as.

Esta organización poderá modificarse en cada curso escolar de acordo coa planificación educativa, as idades e demanda existente de menores que utilicen o servizo, de acordo coa normativa vixente e coa aprobación da administración autonómica.

En canto ao calendario e horario de funcionamento estarase ao disposto no Regulamento de Funcionamento do centro. O centro ofrecerá tamén servizo de almorzo, xantar e merenda para os nenos e nenas segundo o período de asistencia de que se trate.

3ª OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

- a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizarlo nas condicións establecidas.
- b) Utilizar o edificio da EIM, anexos e mobiliario postos á súa disposición para o cumprimento do obxecto do contrato e durante a súa vixencia en condicións de salubridade, hixiene, limpeza, e debido mantemento e conservación.
- c) O adxudicatario deberá proceder á limpeza diaria dos locais, sendo pola súa conta os produtos necesarios, que deberá conservar fóra do alcance dos menores. Tamén realizará a limpeza xeral que deberá efectuarse no mes de agosto.

3

CONCELLO DE VEDRA DILIXENCIA	
Este documento foi aprobado por.....	
XUNTA DE GOSPELINS LOCAL	
con carácter.....	O.D.I.NARIC
o día.....	10/08/2018
Vedra.....	O Secretario acetei
	

CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

- d) O edificio, instalacións e mobiliario anexos conservaranse, manterase en bo estado e entregaranse ao Concello en debida forma cando remate a duración ou vixencia do contrato.
- e) Tamén corresponde ao adxudicatario a revisión dos servizos e instalacións para mantelos en perfectas condicións, así mesmo elaborará o Plan de Seguridade e Hixiene no traballo.
- f) Aportar o equipo humano e técnico ofertado, así como os medios materiais que fosen necesarios para a correcta marcha do servizo que complementen os adscritos pola Administración contratante. No caso de dotar ao centro de material lúdico ou educativo, unha vez finalizado o contrato, dito material pasará a ser propiedade do Concello de Vedra.
- g) Admitir ao goce do servizo a todas as persoas ou usuarios que cumpran os requisitos esixidos polo Regulamento da Escola.
- h) Dar cumprimento das obrigas sinaladas no Regulamento da Escola.
- i) Garantir aos usuarios o dereito a utilizar o servizo da EIM con continuidade.
- j) Utilizar o inmoble e instalacións postas ao seu servizo para o fin exclusivo ao que se destina, non adquirindo ningún dereito sobre os mesmos, mantendo as instalacións en perfecto estado de seguridade, salubridade e ornato público, sen que teña o concesionario dereito a indemnizacións por causa de avarías, perdas ou prexuízos ocasionados na explotación do servizo, agás os alleos a defectos da infraestrutura ou anexos da mesma.
- k) Non reacondicionar o inmoble trala formalización do contrato máis que o estritamente necesario para o bo funcionamento e prestación do servizo, salvo autorización expresa municipal non suxeita a compensación ningunha, e baixo a súa supervisión.
- l) Non ceder, traspasar nin subcontratar os dereitos e obrigas dimanantes do contrato, salvo autorización expresa da Administración contratante.
- m) Aboar os impostos e as súas eventuais recargas, de calquera natureza (estatal, autonómica, local) que graven a execución do contrato.
- n) Dispoñer, advertir da existencia, e no seu caso, facilitar as follas de reclamacións aos usuarios.

CONCELLO DE VEDRA DILIXENCIA	
Este documento foi aprobado por.....	
..... XUNTA DE GOBIERNO LOCAL	
con carácter.....	ORDINARIO
o día.....	10/08/2008
Vedra.....	(Firma)
O Secretario.....	(Firma)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

- o) Levar a cabo, pola súa conta, o mantemento dos equipos e instalacións adscritos á prestación do servizo, sexan fixos ou móbiles, así como do inmoble no que se sitúa a EIM.
- p) Serán por conta do adxudicatario os custes e gastos de limpeza, electricidade, teléfono, caixa de emerxencias, gasóleo, , segundo os datos reais que reflectan os respectivos contadores, así como o mantemento ordinario do centro, extintores e sistemas de alarmas.
- q) O contratista deberá facer constar a titularidade do Concello de Vedra en toda a documentación e información do centro.
- r) O concesionario deberá adecuar en todo momento a súa actividade á normativa e ordenanzas vixentes de aplicación, así como ás que no sucesivo poidan aprobase.
- s) O concesionario asumirá a plena responsabilidade do bo fin da prestación do servizo, sendo o único responsable, tanto fronte o Concello coma fronte a terceiras persoas, dos danos, prexuízos, ou accidentes que poidan ocasionarse durante a explotación do servizo.
- t) Aceptar, a proposta do Concello, a realización de prácticas ou becas por parte de persoas interesadas (as citadas prácticas en ningún caso poderán substituír a prestación laboral do persoal adscrito á Escola Infantil).
- u) O concesionario queda obrigado a indemnizar dos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa causado pola Administración. A tal efecto, e sen prexuízo da Póliza Xeral de Seguros que teña contratada o Concello de Vedra sobre os seus inmobilés e a súa actividade, o contratista adxudicatario formalizará unha póliña de seguro na que contemple como risco os posibles danos e prexuízos que poida ocasionar á Administración contratante, usuarios e a terceiros que deriven da execución do contrato (inmoble e actividade), de xeito que cubra ou asegure un capital mínimo de 600.000 euros por sinistro, e un sublímite por vítima de 150.000 euros do que o seu orixinal ou duplicado deberá presentar o contratista adxudicatario antes da formalización e sinatura do mesmo, cubrindo integralmente a vixencia ou duración do contrato, e ampliándose/actualizándose en caso de prórroga do mesmo.
- v) Contratar pola súa conta e risco ao persoal necesario para o desenvolvemento das súas actividades de acordo coas disposicións vixentes en materia laboral, sen que o Concello asuma en ningún caso, obrigas de ningún tipo con estes traballadores. Neste sentido as baixas que

CONCELLO DE VEDRA
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por.....
XUND DE GASELNO 2010
con carácter.....ORDINARIO
o día.....10/08/2010
Vedra.....
O Secretario acaté.....

se produzan deberán ser cubertas, por calquera dos medios que legalmente resulten posibles, no mínimo prazo posible e sempre antes de cinco días naturais, cumprindo con todos os requisitos establecidos ao respecto pola lexislación vixente. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

- w) O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para elo, esta obriga considérase esencial. Desta forma queda obrigado a contratar ao persoal necesario en número e coa cualificación axeitada, de acordo co establecido pola normativa vixente.

4ª. OBRIGAS DO CONCELLO DE VEDRA.

Sen prexuízo do sinalado con carácter xenérico nos pregos, son obrigas específicas da Administración contratante, as seguintes:

- Dar protección administrativa ao contratista para a correcta execución do contrato e prestación do servizo obxecto do mesmo.
- Fiscalizar a prestación do servizo.
- Dar cumprimento ás determinacións do Regulamento da EIM.
- Entregar o edificio e instalacións anexas da escola con todos os permisos e/ou autorizacións administrativas esixidas pola lexislación vixente para a súa entrada en funcionamento.


5ª. MEDIOS PERSONAIS.

A mínima estrutura organizativa que se esixe para a prestación do servizo a cada licitador interesado e ao posterior contratista-adxudicatario, será a regulada no Decreto 329/2005.

A empresa adxudicataria subrogarase nas relacións laborais co persoal da actual contratista que presta o servizo no Concello de Vedra nas condicións establecidas no XI Convenio Colectivo de ámbito estatal de Centros de Asistencia y Educación Infantil.

Respecto do persoal ao exclusivo cargo e dependencia do contratista adxudicatario, o Concello será absolutamente alleo a ditas relacións laborais.

O contratista-adxudicatario obrígase a cumplir as normas vixentes en cada momento en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo, e de calquera outra de carácter xeral, quedando o Concello como



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

entidade contratante eximido de calquera tipo de responsabilidade por este incumprimento.

En ningún caso o persoal de exclusiva dependencia e cargo do contratista adxudicatario para prestar este servizo, poderá alegar dereito ningún en relación coa Administración contratante, nin esixir a esta responsabilidades, calquera que fosen, como consecuencia das obrigas entre o contratista adxudicatario e os seus empregados.

Dita estrutura organizativa distribuirase por Unidades segundo dispón o Regulamento da Escola Infantil Municipal.

Así mesmo, e dado que o contratista deberá asumir tarefas de limpeza das instalacións, deberá contar co persoal axeitado e suficiente para o desenvolvemento das mesmas.

A empresa adxudicataria deberá manter o mesmo persoal ao longo do curso e ao longo de todo o contrato, agás causa debidamente xustificada e previamente autorizada polo concello.


Cada licitador, indicará a identidade das persoas adscritas á prestación do servizo, con capacidade e titulación suficiente que ten previsto designar en caso de adxudicación, determinando a dedicación correspondente, de xeito que se a dedicación fose completa, non podería intervir noutro traballo.

En caso de ausencia, baixas, vacacións, etc..., do persoal de dependencia e cargo exclusivo do contratista adxudicatario, este procederá de inmediato á súa substitución por outro que reúna as condicións e titulación esixida, de xeito que a execución contractual quede asegurada en todo momento.

O contratista adxudicatario responderá da calidad técnica do servizo prestado, e da calidad, condicións e titulación do seu persoal, así como das consecuencias ou responsabilidades que se deduzan para a Administración contratante ou para terceiros da incorrecta execución do contrato.

Así mesmo, a Administración contratante poderá exercer de xeito continuado e directo a inspección do servizo contratado a través do seu Director, da Concellería Delegada de Servizos Sociais, ou de calquera dos seus órganos, representantes ou delegados en debida forma, sen prexuízo das competencias que nesta materia tivese outra Administración, calquera que fose a actuante.

6ª. MEDIOS MATERIAIS.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

O Concello de Vedra proporcionará as instalacións necesarias habilitadas para o funcionamento do servizo co equipamento que se relaciona no inventario.

A empresa concorrente á adxudicación deberá informar no seu proxecto educativo que medios materiais achegará de forma gratuíta e formulará cal é a súa proposta de participación das familias respecto a achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral a actividade diaria no centro (libros, axendas, cds, material de papelaría, mandilóns....) debendo efectuar unha previsión do custo por neno/a e a forma que se facilitará para a súa adquisición (a través ou non da propia empresa).

7ª. DOCUMENTACIÓN.

As ofertas incluirán para a súa valoración:

- Proxecto Educativo.
- Proxecto de Xestión do Centro.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Talleres e/ou Actividades Complementarias.
- Plan de Xestión do Servizo de Comedor.
- Melloras en relación ao equipamento e ao proxecto educativo e de xestión do centro. Inclúrase unha memoria e/ou compromiso co importe a investir.
- Documentación acreditativa da experiencia da entidade na prestación doutros servizos de xestión de escolas infantís municipais, que se achegará cun cadro resumo da mesma no que se deberá incluír a denominación da entidade local, a data de inicio e remate e tempo total en meses e/ou anos.
- Copia certificado de calidade, en caso de dispoñer do mesmo.

8ª. INFRACCIONES E SANCIONS.

1.- Constitúen faltas administrativas leves:

- a) O descuido ou mera neglixencia no cumprimento das obrigacións contractuais que non comporten prexuízos apreciables na prestación dos servizos.
- b) A incorrección dos profesionais da empresa adxudicataria dos servizos co persoal do Concello relacionado coa prestación do servizo.

2.- Cualificaranse coma graves os seguintes incumplimentos:

- a) A desconsideración grave cos usuarios ou persoal do Concello.
- b) Falta de rendemento que afecte ao normal funcionamento dos servizos de forma especial as actitudes de neglixencia na prestación do servizo.
- c) A reincidencia na comisión de faltas leves.

3.- Constitúen faltas moi graves:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

- a) Ceder ou traspasar os servizos obxecto da contratación baixo calquera modalidade ou título, salvo que medie autorización municipal.
- b) Incumprimentos da normativa sanitaria con transcendencia directa para a saúde pública.
- c) A interrupción ou suspensión no exercicio das actividades, salvo que concorran circunstancias de forza maior comunicadas coa debida antelación.
- d) Coaccións ou ofensas dirixidas aos usuarios dos servizos polo persoal encargado dos servizos.
- e) A vulneración da normativa en materia laboral e de seguridade social de obrigado cumprimento sempre que revista carácter esencial.
- f) A manifesta incapacidade ou neglixencia técnica do persoal que imparta o ensino ou preste outro tipo de servizo na escola.
- g) Incumprir calquera das ofertas presentadas dentro dos puntos dos criterios de adxudicación, xa que se entende que, en base a eles, conseguiuse esta concesión, polo que teñen que ser respectados e cumplidos con absoluto rigor.

4.- Sancións

Os incumprimentos do concesionario serán sancionados:

a) Non cuantificables

- Os incumprimentos leves, con multa de ata 1800 euros, impostos polo Alcalde previa audiencia do contratista
- As faltas graves, con multa de 1801-5000 euros, correspondéndolle á Xunta de Goberno a resolución do expediente
- As faltas moi graves sancionaranse polo Pleno, con multas en contía comprendida entre 5001 e 10.000 euros ou rescisión do contrato

b) Cuantificables

-Conllevarán unha multa de 1,5 veces a cantidade estimada; esta multa deducirse mensualmente da contraprestación económica acordada no contrato e será efectiva mentres persista a situación que a provoca

En calquera caso , sempre será de aplicación o principio de restitución da legalidade.

Vedra, 10 de agosto de 2015.

O ALCALDE.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)
C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

ANEXO

PERSOAL A SUBROGAR

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA						
Directora	02/09/03	COMPLETA	INDEFINIDO	21.130,62 €	6.529,36 €	27.659,98 €
Educadora 1	10/10/05	COMPLETA	INDEFINIDO	13.541,64 €	4.184,37 €	17.726,01 €
Educadora 2	03/10/05	COMPLETA	INDEFINIDO	13.541,64 €	4.184,37 €	17.726,01 €
Educadora 3	30/10/07	COMPLETA	INDEFINIDO	13.236,72 €	4.090,15 €	17.326,87 €
Educadora 4	02/07/09	COMPLETA	INDEFINIDO	13.236,72 €	4.090,15 €	17.326,87 €
Auxiliar	04/03/13	COMPLETA	INDEFINIDO	9.549,12 €	2.950,68 €	12.499,80 €
P.S.G.	10/10/05	COMPLETA	INDEFINIDO	10.548,16 €	3.259,38 €	13.807,54 €

Convenio aplicación: XI Convenio Estatal Ed.Infantil (BOE nº70 de 22/03/2010)
Táboas Salariais: Resolución de 8 de xuño 2015 (BOE nº146 de 19/06/2015)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

ANEXO

INVENTARIO DE BENS, INSTALACIÓNS, E UTENSILIOS

$$\mathcal{O}(\frac{1}{\epsilon^2}) = \mathcal{O}(n^{-2})$$

V

INVENTARIO E.I.M. DE VEDRA

DESPACHO

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble estanteria	1
Mesa	2
Cadeiras	3
Impresora	1
Pantalla ordenador	1
Teléfono	1
Colgador	1
Papeleira	1
Radiador	1

SALA DE MESTRES

MOBILIARIO	UNIDADE
Armario	1
Moble con estantes	1
Cadeiras	9
Mesa	1
Corcho	1
Pizarra	1
Colgador	1
Radiador	1

ASEO (1)

MOBILIARIO	UNIDADE
WC	1
Lavabo	1
Papeleira	1
Contedor hixiene feminina	1
Radiador	1

ASEO (2)

MOBILIARIO	UNIDADE
WC	1
Lavabo	1
Ducha	1
Radiador	1
Toallas	20

COCIÑA

MOBILIARIO	UNIDADE
Conxelador	1
Neveira	1
Forno	1
Cociña vitrocerámica	1
Forno microondas	1
Lavalouza	1
Fregadeiro	1
Mobles /lacenas	11
Escurridor vaixela	1
Esterilizador	1
Batidora	1
Escurridor verduras	1
Potas	11
Tixolas	5
Aceiteira	1
Taboas de corte	2
Contedor residuos orgánicos	1
Culleres pequenas	30
Garfos pequenos	30
Espumadera	1

Cucharón	1
Coitelo	1
Pizarra	1
Radiador	1
Atrapainsectos	1
Campana estratora	1
Exprimidor	1
Xerra cristal	1
Vasos cristal	6
Panos cocciña	10

SALA DE CALDEIRA

MOBILIARIO	UNIDADE
Caldeira	1
Lavadora	1

COMEDOR

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble aparador	1
Conxelador	1
Mesas	3
cadeiras	35
Tronas	10
Carro	1
Radiadores	4
Extintor	1

AULA 0-3

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble estantería	1
Moble baixo con portas	1
Mesas	3
Cadeiras	12
Radiadores	4
Pizarra	2
Papeleira	1
Moble armario	1
Espello	1
Termómetro	1
Colchoneta Tatami	2

AULA 2-3

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble caixonero	1
Moble baixo con portas	1
Mesas	3
Cadeiras	21
Radiadores	3
Pizarra	1
Papeleira	1
Moble armario	1
Moble baixo con portas	1
Encerado	1
Corcho	1
Tv	1
Dvd	1
Colchoneta Tatami	2

AULA 1-2

MOBILIARIO	UNIDADE
Mesas	3
Cadeiras	13
Moble baixo con portas	1
Armario	1
Termómetro	1
Radiador	3
Pizarra	1
Corcho	1
Espello	1
Colchoneta tatami	3

AULA 0-1

MOBILIARIO	UNIDADE
Termómetro	1
Armario	1
Pizarra	1
Corcho	1
Espello	1
Barra estabilizadora	1
Colchoneta tatami	4
Moble baixo con portas	1
Mesa	1
Cadeiras	1
Columpio	1
Papeleira	1

ASEO-CAMBIADOR

0-3//2-3

MOBILIARIO	UNIDADE
Lavabos	4
Wc	4
Radiador	1
Moble para cueiros	1
Cambiador pregable parede	1
Contedor cueiro	1
Papeleira	1

ASEO-CAMBIADOR

0-1

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble biberón-cambiador con lavabo	1
Quentabiberón	1
Contedor cueiros	1
Colchoneta cambiador	1
Papeleira	1
Radiador	1

ASEO-CAMBIADOR

1-2

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble cambiador con bañera	1
Wc	1
Lavabo	1
Contedor cueiros	1
Colchoneta cambiador	1
Papeleira	1
Radiador	1

HALL

MOBILIARIO	UNIDADE
Moble librería con rodas	1
Casa xogos	1
Triciclos	4
Coches coupé	2
Correpasillos	4
Balancín	3
Radiadores	8
Extintores	4
Centralita Detector incendios	1
Pizarras	2
Baldas estantería	2
Casilleiros con percha	62
Telefonillo	1
Centralita Alarma	1

ALMACÉN LIMPEZA

MOBILIARIO	UNIDADE
Estantería	1
Escada	1

ENTRADA CUBERTA

MOBILIARIO	UNIDADE
Alfombra	1
Paragüeiro	1
Apliques luz	6

ZONA EXTERIOR DE XOGOS

MOBILIARIO	UNIDADE
Cabana troncos	1
Tobogán junior activity	1
Ximnasio con túnel e tobogán dobre	1
Xogo exterior infantil con tobogán	1

ZONA EXTERIOR

MOBILIARIO	UNIDADE
Mangueira	4

ZONA DESCANSO

MOBILIARIO	UNIDADE
Berces	8
Hamacas	18
Camas apilables	20
Radiadores	2
Xogos de sabas	16
Edredóns	8
Interlocutores - escoitas	1
Almofadas	8
Sabanas saco	20

